

[Inicio](#) > [Cultura](#)

Xoves, 07 de novembro do 2013

Antía Otero e Vanesa Sotelo clausuran o VIII Ciclo Escritora/es na Universidade

As novas tendencias teatrais galegas teñen nome feminino

Rexina Vega destaca o éxito dunha edición dedicada a unha franxa de idade "habitualmente escurecida"

[Me gusta](#) { 1[Tweet](#) { 0[Share](#)[Delicious](#)

D. Besadío | Vigo

No panorama teatral galego as propostas máis innovadoras, aquelas que dalgunha maneira están repensando o tradicional e que non se conforman coa norma establecida veñen da man de mulleres creadoras, de directoras de escena ou, simplemente, de mulleres que veñen doutras artes e que atopan na escena o seu lugar. Así o deixaron ver e sentir as actrices e dramaturgas Antía Otero (A Estrada, 1982) e Vanesa Sotelo (Cangas, 1981) na clausura do VIII Ciclo Escritora/es na Universidade.

Baixo o título *Teatro impuro para tempos bastardos* púxose fin a unha edición centrada na literatura galega máis actual, aquela que están a facer os novos valores, novos profesionais de arredor de trinta anos "unha franxa de idade que habitualmente está escurecida ou, cando menos, pouco visible", subliñou a escritora e docente Rexina Vega, coordinadora do ciclo, que fixo fincapé en que abrir as mesas redondas ás xeracións máis novas "serviu para que a comunidade universitaria coñeza uns traballos nos que cambian completamente as linguaxes tanto da poesía como do teatro e da narrativa", un cambio xeracional que, ao seu xuízo, sorprendeu "tanto aos seus propios compañeiros como a xente doutras

idades".

Máis ou menos minoritaria, pero sempre "necesidade de teatro"

Escritoras, creadoras, actrices... Antía Otero e Vanesa Sotelo fuxiron do debate das novas tecnoloxías, "pois é algo que todos asumimos e que todos traballamos", recalcou Otero, e levaron a súa conversa cara algo que lles preocupa máis: o feito de "como a ficción, a escritura dramática ou o teatro pode negociar coas múltiples realidades nas que nos atopamos", engadiu Otero, que non dubidou en sinalar que "o camiño" só pode facerse a través do proceso de investigación "de facer e de estar aí, que é o que se leva facendo toda a vida e que, ao final, é o que se vai seguir facendo", recalcou a dramaturga, que insistiu na necesidade non tanto de "crear produtos, senón de crear coñecemento, que é o que fundamentalmente nos axuda a entender".

Na idea de volver a centrarse no proceso e non tanto en agardar resultados centrouse tamén Vanesa Sotelo, que aproveitou a súa participación no ciclo para lanzar preguntas, cuestionar formas de mirar e cuestionar tamén o establecido.

En canto á resposta do público a estas novas propostas, Sotelo teno claro, "os tempos son complicados e críticos". Pero non todo ten que ser de cor negra, ambas autoras recalcaron a súa confianza en que hai unha "necesidade do teatro", xa sexa máis ou menos minoritaria, "pero a demanda sempre está", recalcou Sotelo.

Unha particular posta en escena

E como a cousa ía de teatro, para iniciar o acto preparouse unha instalación coa que contextualizar esta última sesión do ciclo, sesión que veu precedida pola proxección do vídeo *En construción*, "unha auténtica chamada á resistencia creativa", subliñaron as autoras, o grupo de axitación teatral *As ghatas salvaxes*, dirixido por Xandra Táboas, estudante do Grao de Galego – Español, que foi tamén a encargada de presentar as compañeiras, Antía Otero e Vanesa Sotelo.